



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Pola presente dáse publicidade do Decreto núm. 257/2026 de 27.04.2026 no que se convoca a sesión Ordinaria do Pleno do Concello.

<<Descrición decreto: EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE DÍA 30 DE ABRIL DE 2026

EXPEDIENTE Nº 2026/G010/000006

**DON JOSÉ SIMOES COUCEIRO ALCALDE EN FUNCIÓNS DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).**

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e o artigo 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes conclusos redactada pola secretaria da Corporación o día 27.04.2026, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, e o artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.-** Convocar a todas as persoas membro do Pleno da Corporación á **Sesión ordinaria** que terá lugar no Salón de Sesións da Casa Consistorial, o próximo **xoves día 30.04.2026 ás 12:00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no artigo 90 Real Decreto 2568/1986, entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

**SEGUNDO.** - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA**:

- 1 MODIFICACIÓN NÚM. 3 DO REGULAMENTO DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME.**
- 2 BAIXA COMO ASOCIADO NA ASOCIACIÓN EUROEUME.**
- 3 APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO ESTUDO DE DETALLE DAS PARCELAS 24-25-26 DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE VIDREIRO-CAMPOLONGO. PROMOTORA: BREANCA INVERSIONES S.L.**
- 4 APROBACIÓN DO MANUAL DE USO DO LOGOTIPO MERCA QUEIXO E INSCRIPCIÓN NA OFICINA ESPAÑOLA DE PATENTES E MARCAS.**





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

---

- 5 SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A ADQUISICIÓN DE BEN INMOBLE LINDEIRO PARA AMPLIACIÓN DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME (REFERENCIA CATASTRAL: 7265703NJ6076N0001ZJ)
- 6 MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 7. EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO, FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS.
- 7 RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2026/8.
- 8 RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. RELACIÓN DE FACTURAS X/2026/6.
- 9 MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL DO PSOE SOBRE A SITUACIÓN DOS CENTROS DE SAÚDE EN GALICIA.
- 10 MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL DO PSOE EN DEFENSA DO SECTOR MARISQUEO E DAS ARTES MENORES DE PONTEDEUME.
- 11 DAR CONTA DA REMISIÓN AO MINISTERIO DE HACIENDA DOS TIPOS IMPOSITIVOS 2026.
- 12 DAR CONTA DO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO E MOROSIDADE PRIMEIRO TRIMESTRE 2026.
- 13 DAR CONTA DO INFORME ANUAL DE CONTROL INTERNO 2025
- 14 ASUNTOS DE URXENCIA.
- 15 ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.
- 16 ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.
- 17 ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS

**TERCEIRO.-** Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á secretaria xeral e á interventora municipal, e publicar no





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

---

taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. ([www.pontedeume.gal](http://www.pontedeume.gal))

**CUARTO.-** Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde en funcións don José Simoes Couceiro (*delegación conferida por Decreto 238/2026 de día 17 de abril*), do que eu, María Roca Vázquez, como secretaria municipal, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro).>>

En Ponte deume, asinado dixitalmente na na data que figura na marxe pola persoa funcionaria tramitadora así como pola Secretaria accidental do concello de Ponte deume María Roca Vázquez (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do decreto 24/2018 do 15 de Febreiro).

